

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

Subvencións

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE SUBVENCIÓNS A EMPRESAS PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS POR CONTA ALLEA

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión do día 10 de outubro de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros o seguinte acordo relativo as Bases Reguladoras da Convocatoria do Concello de Vilagarcía de Arousa de Subvencións a empresas para a Contratación de Traballadores desempregados por conta allea , cuxo texto e anexos transcribíense a continuación

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE SUBVENCIÓNS A EMPRESAS PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS POR CONTA ALLEA

INDICE INTRODUCCIÓN

B A S E S

Primera. Objeto.

Segunda. Beneficiarios

Tercera. Contratacións. Requisitos.

Cuarta. Contratos. Exclusiones

Quinta. Persoal das empresas

Sexta. Modalidades contractuais. Requisitos y cuantía das subvencións

Sétima. Réxime de Concesión das axudas

Oitava. Crédito Orzamentario

Novena. Tramitación e seguimento

Décima. Solicitudes. Obrigas. Prazo de presentación



Undécima. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

Duodécima. Publicidade

Décimo terceira. Tratamento de datos de Carácter persoal

Décimo cuarta. Perda do dereito ao cobro, renuncia, nulidade e reintegro. réxime de infraccións e sancións

Decimoquinta. Normativa de aplicación

Décimo sexta. Disposición Adicional.

Décimo séptima. Disposición final

A N E X O S :

Anexo I. Solicitud

Anexo II. Declaración xurada do cumprimento dos requisitos recollidos nas bases para obter a condición de beneficiario.

Anexo III. Ficha de solicitud de transferencia bancaria

Anexo VI. Declaración xurada de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Anexo V. Autorización do traballador/a para consulta da súa vida laboral unha vez concluído o contrato de traballo, a efectos de seguimento das subvencións concedidas.

I N T R O D U C C I Ó N

O Concello de Vilagarcía de Arousa ven deseñando políticas locais de emprego e promoción económica.

O Concello de Vilagarcía diseña un amplo conxunto de programas, proxectos e medidas co propósito de que poidan contribuír a revertir, na medida das posibilidades coas que conta unha administración local, a situación socio-económica na que nos atopamos sumidos ou, polo menos, a fomentar a creación de máis postos de traballo e de empresas nas que traballar.

A actual convocatoria de axudas á contratación por conta allea, está rexida pola normativa de subvencións contida basicamente na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular a concesión de subvencións no exercicio 2016, para o fomento e mantemento do emprego por conta allea, de persoas empadroadas no municipio, con antigüidade mínima de un ano no padrón no momento de iniciarse a contratación, a tempo completo, en calquera das modalidades contractuais vixentes, cunha duración mínima de seis meses formalizados entre o 1 de xaneiro e 1 de novembro de 2016.

A efectos destas bases considéranse subvencionables as contratacións seguintes:

- Indefinida.
- Conversión de contrato temporal/duración determinada en indefinido.
- Temporal/duración determinada.

SEGUNDA. BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado radicadas na comarca do Salnés e Ullán para prestar servicios nas mesmas, que formalicen contratos con traballadores e traballadoras por conta allea, empadroados no municipio de Vilagarcía de Arousa, nas que non concorran, en xeral, as circunstancias excluíntes sinaladas na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

a) Quedarán excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, as empresas sancionadas pola comisión de infraccións tipificadas en tal materia no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, aprobado por Real decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto e modificacións posteriores.

b) Non se poderán amortizar postos de traballo fixos nos seis últimos meses anteriores ás novas contratacións ou conversións de contratos temporais/duración determinada en indefinidos, mediante despedimentos declarados improcedentes, ou regulacións de emprego. Non se entenderá reducido o persoal polas devanditas causas cando, con anterioridade ás devanditas contratacións ou conversións, procedeuse á cobertura da vacante mediante unha relación xurídica da mesma natureza que a anterior.

2. Non poderán ser beneficiarias destas subvencións:

- As Administracións Públicas, as Sociedades Públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.
- As empresas acollidas a plans de reconversión.
- As empresas que non se atopen ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, con Administración Tributaria Estatal, coa da Xunta de Galicia ou co



Concello de Vilagarcía de Arousa por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, liquidada e esixible por vía de constrinximento.

- As empresas que fosen sancionadas mediante sentenza firme por vulnerar os dereitos fundamentais e as liberdades dos traballadores nos seis meses anteriores á formalización da contratación sempre que a infracción fose cualificada de infracción grave ou moi grave.
- As empresas que fosen sancionadas con carácter firme por producirse accidentes de traballo por incumprimento da adopción das medidas de seguridade nos seis meses anteriores á formalización da contratación, sempre que a infracción fose cualificada de grave ou moi grave.
- E, con carácter xeral, as empresas que formalicen contratos de traballo infrinxindo a lexislación laboral e demais normativa vixente en materia de Seguridade Social e Prevención de Riscos Laborais.

TERCEIRA.—CONTRATAÇÕES. REQUISITOS

1.º Estar en situación de desemprego. Serán subvencionables os contratos formalizados con persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no SPEG, fóra das conversións de contratos temporais en indefinidos.

2.º Empadroadas no municipio de Vilagarcía de Arousa. As persoas para contratar/contratadas, deberán levar empadroadas no municipio de Vilagarcía de Arousa alomenos un ano, no momento de formalizar a contratación/conversión pola que se solicita a subvención.

3.º Situacións que dan lugar a subvención. As empresas deberán acreditar que as contratacións para as que se solicita subvención encádranse nalgún dos tres apartados que a continuación se detallan. O cumprimento dos requisitos entenderase referido ao momento de iniciar a relación laboral ou no seu caso conversión de contrato temporal.

Apartado primeiro

1. Persoas beneficiarias de programas de formación: Con certificado/s diploma/s de formación ocupacional para o emprego, acreditativo de concluír satisfactoriamente un proceso formativo ocupacional nos dous anos previos á contratación e que sexan contratadas nunha ocupación relacionada coa formación recibida.

2. Primeiro/a empregado/a de empresa (entendendo por tal o/a primeiro/atraballador/a que figure dado/a de alta na Seguridade Social nun centro de traballo nas comarcas de Salnés e Ullán).

3. Mozos/as menores de 30 anos.



4. Persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 66%.
5. Persoas maiores de 45 anos.
6. Mulleres vítimas de violencia de xénero.
7. A contratación da persoa que se atope en situación de desemprego total ininterrompido durante o ano anterior á data de formalización da contratación.

Apartado segundo

1. Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa. Os contratos celebrados para prestar servizos en centros de traballo radicados no municipio de Vilagarcía de Arousa.

Apartado terceiro

1. Contratacións de traballadores/as, non incluídas nos apartados anteriores.(Primeiro e segundo).
- 4º Formalización das contratacións. As contratacións e as transformacións obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito e comunicarse á Oficina do Servizo Público de Emprego na forma regulamentariamente establecida.
- 5º Xornada. A xornada laboral dos contratos será a tempo completo.

CUARTA.—CONTRATOS. EXCLUSIÓN

1. Os contratos celebrados con persoas incursas nos seguintes supostos:
 - O propio empresario.
 - Os socios daquelas entidades sen personalidade xurídica.
 - Os administradores, apoderados, membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade.
 - Os socios de empresas que revistan a forma xurídica de sociedade que posúan polo menos a terceira parte do capital social.
2. Os celebrados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o segundo grao inclusive, das persoas incursas nos supostos do número anterior.



3. As relacións laborais de carácter especial contempladas no artigo 2.1 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou noutras disposicións legais.

4. Os contratos realizados antes da publicación no BOPPO da presente convocatoria, con traballadores/as que, no mes da contratación e durante os doce meses previos a este, prestasen servizos con carácter temporal ou indefinido na mesma empresa ou grupo de empresas, empresas á que sucedan, ou coas que manteña evidente vinculación e o devandito contrato fose subvencionado por algunha Administración Pública.

5. As subvencións previstas nestas bases serán incompatibles coas establecidas nos diferentes Programas de Fomento da Contratación por conta allea, convocados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. E serán compatibles de ser o caso, coas bonificacións ás cotizacións á Seguridade Social.

As exclusións do apartado 4 non se aplicarán cando se trate de conversións de contratos temporais/duración determinada en indefinidos.

QUINTA. PERSOAL DAS EMPRESAS

1. As contratacións indefinidas/conversión de contratos temporais/duración determinada en indefinidos obxecto de subvención deberán necesariamente supoñer, nos centros de traballo radicados nas comarcas do Salnés/Ullán, un incremento neto do persoal fixo da empresa no mes da contratación.

2. As contratacións temporais de duración determinada deberán necesariamente supoñer, nos centros de traballo radicados nas comarcas do Salnés/Ullán polo menos un mantemento neto de persoal fixo no mes obxecto da contratación.

3. O nivel de persoal fixo determinarase calculando a media aritmética do número de persoas traballadoras nos centros de traballo radicados nas comarcas do Salnés e Ullán nos seis meses inmediatamente anteriores ao da contratación.

4. A efectos dos puntos anteriores computaranse unicamente as persoas traballadoras fixas do persoal, con independencia da súa xornada, e que se atopen en alta e cotizando, a data do último día do mes de que se trate.

5. Para as empresas de recente creación tomarase como referencia o período que leven exercendo a actividade.



SEXTA.—MODALIDADES CONTRACTUAIS-REQUISITOS E CONTÍAS DAS SUBVENCÍONS

Serán subvencionables os contratos laborais seguintes:

- Contratos indefinidos, que teñen por finalidade elevar o nivel do emprego estable e de calidade, fomentando a creación de postos de traballo ligados por contratos de natureza indefinida.
- Conversións de contratos temporais/duración determinada en indefinidos, cuxa finalidade é fomentar a estabilidade no emprego a través do apoio á conversión de contratos temporais/de duración determinada en indefinidos.
- Contratos de obra ou servizo e outras modalidades contractuais de carácter temporal ou duración determinada, sendo a duración mínima inicial dos contratos de 6 meses (sen que se admita prórroga do contrato inicial, nin a sucesión de contratos temporais). Nos contratos de obra ou servizo deberá certificarse unha duración temporal mínima por ese tempo.

As contías das subvencións estarán en función de tres variables:

1.^a A duración do contrato para o que se solicita subvención, sendo o mínimo de seis meses.

2.^a Tipo de empresa (número de traballadores e/ou antigüidade da empresa). Ambos os requisitos haberán de cumprirse o último día do mes da contratación/conversión. A determinación do número de traballadores, referirase ao total dos centros de traballo nas Comarcas do Sanés e Ullán e con independencia do carácter temporal ou indefinido da contratación e da xornada laboral.

3.^a As situacións ás que se refiren a base terceira, punto tres, segundo o apartado no que se atope. A cada unha das tres variables asígnaselles unha puntuación (táboa n.º1). A suma dos puntos obtidos será a que determine a contía máxima da subvención (táboa n.º2)

Táboa n.º 1

Duración do contrato	Pts	Tipo de empresa	Pts	Colectivo da base terceira punto 3.	Puntos
Mínimo 6 meses e ata 12 meses	0	Empresa que non se atope nos apartados seguintes	0	Apartado 3	0
Desde 12 meses e ata 24 meses.	1	Empresa que teña entre tres e diez aos de antigüidade o entre 10 e 50 traballadores	1	Apartado 1	2
Más de 24 meses o contratos indefinidos/conversións	2	Empresa que teña menos de tres anos de antigüidade menos de 10 traballadores.	2	Apartado 2	1



Contía subvención:

Taboa n.º 2

Puntuación obtenida según tabla n.º 1	Subvención máxima proposta
0	500 €
1	1.000 €
2	1.500 €
3	1.750 €
4	2.250 €
5	2.750 €
6	3.000 €

* Antigüidade da empresa: A efectos de esta subvención considerarase como antigüidade da empresa a data na que conste a inscrición da empresa na Administración da Seguridade Social.

SÉTIMA. RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

OITAVA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Crédito ano 2016: O importe total máximo autorizado é de 40.000 Euros, a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 241-470. Fomento de empresas -Subvención para o Fomento de Emprego

NOVENA. TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO

- De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade tramitadora atendendo ao disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito. O órgano xestor publicará no taboleiro e na páxina web do Concello de Vilagarcía o esgotamento da partida orzamentaria e non tramitará as solicitudes posteriores destinadas á subvención.
- Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe de axuda que resulte.
- Conforme o artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida



para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederáse conforme ao que determina o artigo 42.1 da citada lei.

- Este requirimento de corrección tamén se fará se das certificacións obtidas das distintas administracións resulta que o/a solicitante non está ao corrente de pago das súas obrigacións tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que achegue cuantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.
- Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas da mesma.
- Para as accións de control, o Concello poderá requirirlle aos/ás empresarios/as e/ ou ás pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

DÉCIMA. SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1. Solicitudes/documentación

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das presentes bases reguladoras. Presentaranse tantas solicitudes como contratos para os que se solicita subvención.

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes (Anexo I) dirixiranse á Concellería de Promoción Económica debendo ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

1. Declaración xurada do cumprimento dos requisitos recollidos nas bases para obter a condición de beneficiario/a (Anexo II).
2. Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo III)



3. Declaración xurada de axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade (Anexo IV)

4. Autorización do traballador/a para consulta da súa vida laboral unha vez concluído o contrato de traballo, a efectos de seguimento das subvencións concedidas. (Anexo V)

5. NIF/DNI (copia compulsada) da empresa/empresario/a individual e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

6. DNI do traballador/a

7. Certificado de período de inscrición como demandante de emprego.

8. Certificado de empradronamento do traballador/a contratado

9. Alta no IAE, da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e no caso de SL Nova empresa Documento Único Electrónico DUE

10. Certificación de empadroamento da persoa contratada

11. Informe da vida laboral da empresa expedido pola TGSS (de todos os códigos de conta de cotización existentes) referente aos 6 meses anteriores á contratación ou conversión e actualizado ao último día do mes da contratación ou transformación do contrato temporal/ duración determinada en indefinido. Se a empresa leva funcionando menos de 6 meses, debe achegar informe correspondente ao seu efectivo período de funcionamento.

12. Copia do contrato de traballo (duración mínima de seis meses) con selo do Servizo Público de Emprego ou da comunicación á Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente da contratación ou conversión obxecto da solicitude de subvención e con constancia expresa do centro de traballo situado na comarca de Salnés/Ullán, na que sexa visible a pegada electrónica.

13. Nos casos de atoparse nas situacións da Base terceira, Apartado Primeiro e segundo a situación que se pretenda acreditar:

Punto 1.—Certificado ou diploma acreditativo da formación comprensivo dos contidos da mesma e indicación en caso necesario da relación coa ocupación.

Punto 2.—Acreditación mediante vida laboral de empresa e traballador respectivamente.

Puntos 3 e 5.—DNI dos traballadores contratados

Punto 4.—Resolución vixente da acreditación da discapacidade e do seu grao.



Punto 6.—Mediante orde de protección a favor da vítima, resolución xudicial, auto ou sentenza que acredite tal situación, ou fixe medidas de protección, e excepcionalmente, mediante informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero, ata tanto se dite a orde de protección.

Punto 7.—Acreditación mediante vida laboral do traballador

14. No caso de atoparse nas situacións da *Base terceira, Apartado Segundo*:

Documentación acreditativa do domicilio Social e Fiscal no Concello de Vilagarcía de Arousa

15. Copia dá comunicación, á Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, dás conversións de contratos temporais/duración determinada en indefinidos realizadas durante os seis meses anteriores á contratación de referencia, incluído ou mes dá contratación, nas que sexa legible a pegada electrónica, ou non seu caso, ou selo de rexistro dá mesma. Na súa falta, deberá achegar copia dos TC2 do devandito período.

16. Copia dos documentos acreditativos dá inscrición de empresa expedidos pola TGSS para acreditar a antigüidade da empresa, así como para acreditar non seu caso, que a empresa leva funcionando menos de seis meses. (Resolución de inscrición como empresario, TA6 ou Informe de situación de cada C.C.C)

17. Certificado de acharse ao corrente das obrigacións tributarias coa A.E.AT, para obter subvencións públicas (orixinal ou fotocopia compulsada)

18. Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social de acharse ao corrente das débedas coa Seguridade Social. (Orixinal ou fotocopia compulsada)

19. Certificado de non ser debedor de Facenda da CCAA de Galicia.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistírase da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No caso de dúbida sobre a documentación presentada, será a Comisión de Valoración do Servizo de Emprego quen decida.

A documentación deberá presentarse debidamente cuberta, numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada.



2. Obrigas

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

2. Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.

3. Estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias co Concello Vilagarcía.

4. Non procederá o pago da subvención en tanto a persoa ou empresa beneficiaria non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

5. Manter a contratación que fundamente a concesión da subvención durante o tempo acreditado na solicitude. No suposto de non cumprirse dito prazo deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Vilagarcía. O incumprimento desta obriga de comunicación pola empresa beneficiaria, comportará o reintegro da totalidade da axuda.

6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo, para o cal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

3. *Prazo de presentación das solicitudes.* O prazo de presentación de solicitudes será ata o 20/11/2016 ou ata esgotar o orzamento, e se contará a partir o día seguinte á data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos/as solicitantes, previa solicitude que debe presentar no rexistro xeral do Concello.

UNDÉCIMA. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

O servizo xestor, Concellería de Promoción Económica (Area de Emprego) que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando a adecuada xustificación da subvención, sen perxuízo da fiscalización que corresponda ó departamento de intervención.



A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Concellería de Promoción Económica, Area de Emprego.

O prazo para resolver será, como máximo, de tres meses dende a presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello e en todo caso, dentro do exercizo 2016. As solicitudes irán resolvéndose a medida que se vaian presentando.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

O acordo da Xunta de Goberno Local, será notificado individualmente na dirección indicada na solicitude.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Unha vez concedidas as axudas faranse efectivas nun pagamento único

Notificada a concesión da correspondente axuda, o beneficiario deberá presentar no prazo de 20 días hábiles, unha fotografía do cartel informativo da subvención (que será subministrado pola Concellería de Promoción Económica, área de Emprego) colocado en lugar visible do domicilio social da empresa

DUODÉCIMA. PUBLICIDADE

1.—Publicidade da convocatoria e das Bases Reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2016 do Programa de axudas á contratación de traballadores por conta allea do Concello de Vilagarcía de Arousa 2016 publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web www.vilagarcia.es e no Taboleiro de Edictos, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.



As citadas bases reguladoras, convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes, facilitaranse na páxina web www.vilagarcia.es, e nas dependencias de información do Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.—Publicidade das subvencións concedidas.

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas no Taboleiro de Edictos do Concello de Vilagarcía de Arousa e na páxina web do Concello www.vilagarcia.es.

3.—Publicidade do financiamento público.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vilagarcía de Arousa. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

DÉCIMO TERCEIRA.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Vilagarcía.

A presentación de solicitude de subvención implicará a aceptación da cesión dos datos contidos na mesma e dos relativos á subvención, no seu caso, concedida, así como o consentimento expreso para o Concello de Vilagarcía de Arousa poida levar a cabo o tratamento dos mesmos, sempre para o cumprimento das finalidades anteriormente indicadas. Así mesmo, infórmase que os traballadores poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación dos datos mediante comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa.

A estes efectos, as entidades deberán informar e obter o consentimento expreso dos traballadores de acordo co previsto na normativa de protección de datos.

DÉCIMO CUARTA.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.



O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En relación ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO QUINTA.—NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lexislación básica do estado en materia de Réxime Local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMO SEXTA —DISPOSICIÓN ADICIONAL

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 241-470 Fomento de empresas – subvencións para o fomento do emprego” do orzamento municipal para o ano 2016, cun importe total de 40.000 € .

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

DÉCIMO SÉTIMA—DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P.

O Concello de Vilagarcía de Arousa quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

Vilagarcía Outubro de 2016.—O Alcalde-Presidente, Alberto Varela Paz



**AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES POR CONTA ALLEA 2016-
CONCELLO DE VILAGARCÍA**

ANEXO I. SOLICITUDE

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome/Razón Social da empresa	NIF/CIF.
Representante	DNI.
Enderezo Social	Tfno.
Localidade C.P.	

**DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN E CONTACTO PARA TRAMITACIÓN DO
EXPEDIENTE**

Persoa de contacto :	
Correo Electrónico:	TLF:
Domicilio Notificacións: Enderezo	
Localidade	

SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA

Contrato indefinido	
Conversión de contratos temporais/duración determinada	
Contratos temporais/duración determinada	

SITUACIÓN SEGUNDO A BASE TERCEIRA

	Persoa beneficiaria de Programas de Formación con certificado de FOCUP (form. Ocupacional)
	Primeiro empregado da empresa en centro de traballo nas comarcas Salnés/Ullán
	Mozos menores de 30 anos
	Persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 66%
	Persoas maiores de 45 anos
	Mulleres vítimas de violencia de xénero
	Persoa en situación de desemprego ininterrompido durante o ano anterior á formalización do contrato
	Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa
	Contratación de traballadores non incluídos nos apartados anteriores



EXPOÑO:

Que á vista do acordo da Xunta de Goberno Local relativo á aprobación das Bases e convocatoria para o ano 2016 do Programa de Axudas Municipais á contratación de traballadores/as por conta allea 2016-Concello de Vilagarcía, e despois de coñecer e aceptar as súas bases reguladoras,

DECLARO:

Que **ACEPTO** as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo polo Concello de Vilagarcía de Arousa, segundo o estipulado nas bases e convocatoria para o ano 2016 do Programa de Axudas á contratación de traballadores/as por conta allea -Concello de Vilagarcía.

SOLICITO:

A concesión da correspondente axuda para a contratación por conta allea , por importe total de
..... euros, de acordo co especificado nas bases reguladoras e convocatoria.

Vilagarcía de Arousa, de de 2016

Sinatura do/a solicitante ou representante)

É imprescindible cubrir todos os datos, marcar cun X as declaracións e asinar a solicitude e numerar todas as follas presentadas

Paxde



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

Para a solicitude da Axuda Municipal á Creación de Empresa presentarase a seguinte documentación (**orixinal** ou **copia compulsada**):

- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos recollidos nas bases para obter a condición de beneficiario (Anexo II).
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo III)
- Declaración xurada de axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade (Anexo IV)
- Autorización do traballador/a para consulta da súa vida laboral unha vez concluído o contrato de traballo, a efectos de seguimento das subvencións concedidas. (Anexo V)
- NIF/DNI (copia compulsada) da empresa/empresario/a individual e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
- DNI do traballador
- Certificado de período de inscrición como demandante de emprego.
- Certificado de empradronamento do traballador/a contratado
- Alta no IAE, da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e no caso de SL Nova empresa Documento Único Electrónica DUE
- Certificación de empadroamento da persoa contratada
- Informe da vida laboral da empresa expedido pola TGSS (dos códigos de conta de cotización existentes) referente aos 6 meses anteriores á contratación ou conversión e actualizado ao último día do mes da contratación ou transformación do contrato temporal/duración determinada en indefinido. Se a empresa leva funcionando menos de 6 meses, debe achegar informe relativo ao seu efectivo período de funcionamento.
- Copia do contrato de traballo (duración mínima de seis meses) con selo do SPEG ou comunicación á oficina do SPEG correspondente da contratación ou conversión obxecto da solicitude de subvención e con constancia expresa do centro de traballo situado na comarca de Salnés/Ullán, na que sexa visible a pegada electrónica.

Nos casos de atoparse nas situacións da **Base terceira, Apartado Primeiro** e segundo a situación que se pretenda acreditar:

Punto 1.- Certificado ou diploma acreditativo da formación comprensivo dos contidos da mesma e indicación en caso necesario da relación coa ocupación.

Punto 2.- Acreditación mediante vida laboral de empresa e traballador respectivamente.

Puntos 3 e 5.- DNI dos traballadores contratados

Punto 4.- Resolución vixente da acreditación da discapacidade e do seu grao.

Punto 6.- Mediante orde de protección a favor da vítima, resolución xudicial, auto ou sentenza que acredite tal situación, ou fixe medidas de protección, e excepcionalmente, mediante informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero, ata tanto se dite a orde de protección.



Punto 9.- Acreditación mediante vida laboral do traballador

No caso de atoparse nas situacións da **Base terceira, Apartado Segundo** :

Documentación acreditativa do domicilio Social e Fiscal no Concello de Vilagarcía de Arousa

- Copia dá comunicación, á Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, das conversións de contratos temporais/duración determinada en indefinidos realizadas durante os seis meses anteriores á contratación de referencia, incluído ou mes dá contratación, nas que sexa legible a pegada electrónica, ou non seu caso, ou selo de rexistro dá mesma. Na súa falta, deberá achegar copia dos TC2 do devandito período.
- Copia dos documentos acreditativos dá inscrición de empresa expedidos pola TGSS para acreditar a antigüidade da empresa, así como para acreditar non seu caso, que a empresa leva funcionando menos de seis meses. (Resolución de inscrición como empresario, TA6 ou Informe de situación de cada C.C.C)
- Certificado de acharse ao corrente das obrigacións tributarias coa A.E.AT, para obter subvencións públicas (orixinal ou fotocopia compulsada)
- Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social de acharse ao corrente das débedas coa Seguridade Social. (Orixinal ou fotocopia compulsada)
- Certificado de non ser debedor de Facenda da CCAA de Galicia, nin do Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistírase da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- No caso de dúbida sobre a documentación presentada, será a Xunta de Goberno Local quen decida.
- **A documentación deberá presentarse debidamente cuberta, numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada**



ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

Don/Dona....., con DNI
....., en representación da empresa
co NIF, solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2016 do Programa de Axudas Municipais á contratación de traballadores/as por conta allea 2016-Concello de Vilagarcía de Arousa,

DECLARA que a contratación formalizada pola empresa solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases reguladoras do Programa de Axudas Municipais á contratación por conta allea, para obter a condición de beneficiaria:

REQUISITOS DO CONTRATO	SI	NON
Contratación indefinida inicial		
Conversión de contrato temporal/determinado en indefinido		
Contrato temporal/duración determinada duración mínima de 6 meses		

REQUISITOS DA EMPRESA SOLICITANTE	SI	NON
A miña empresa ten o domicilio social en Comarca Salnés Ullán		
A miña empresa ten centro de traballo en Vilagarcía de Arousa		
Non concorre causa de exclusión das previstas na base 2ª da convocatoria		

REQUISITOS DOS TRABALLADORES/AS CONTRATADOS/AS	SI	NON
Inscritos/as como desempregados/as no SPEG		
Empadroados/as no Concello de Vilagarcía con antigüidade mínima de un ano antes da formalización da contratación		

Coa solicitude INESCUSABLEMENTE deberá achegar esta declaración debidamente cuberta e asinada. Deberá marcar todas as casillas cun X na columna correspondente.

Vilagarcía de Arousadede 2016

Asdo.....

Pax.....de.....



ANEXO III. FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA				DNI/NIF	
ENDEREZO					
POBOACIÓN (INDICAR C.P)				TELÉFONO	
DATOS DA CONTA					
IBAN	Cod. Banco	Sucursal	DC	Código Conta	
ENDEREZO				C.P.	LOCALIDADE
DECLARO					
Que os datos enriba reflectidos son correctos e corresponden ao título e número de conta do beneficiario/a					
Vilagarcía de Arousa,....de.....de 2016					
Sinatura do representante da empresa			Sinatura e selo da Entidade Bancaria		

Este documento deberá ter as sinaturas e selo correspondente para ser válido

Pax.....de.....



ANEXO IV. DECLARACIÓN XURADA DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona, con DNI,
, en representación da empresa,
 co NIF....., solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o
 ano 2016 do Programa de Axudas á contratación por conta allea do Concello de
 Vilagarcía de Arousa, **DECLARO:**

Non ter **solicitada** ningunha outra axuda de administracións ou entidades
 públicas para a constitución como autónomo/a ou para a creación da
 empresa á que represento.

T e r **solicitado e/ou concedida** as seguintes subvencións de
 administracións ou entidades públicas **para a mesma actividade ou
 proxecto:**

Solicitada	Concedida	Importe	Organismo	Concepto

Vilagarcía de Arousadede 2016

Asdo.....

Pax.....de.....



ANEXO V
AUTORIZACION DO TRABALLADOR /A

DATOS PERSONAIS	
Apelidos:	
Nome:	
Enderezo	
Código postal:	Municipio:

Autorizo ao Concello de Vilagarcía de Arousa a solicitar información á Tesourería Xeral da Seguridade Social sobre datos relativos á miña vida laboral.

Os datos da vida laboral e os datos persoais só se utilizarán a efectos das actuacións tendentes a comprobar o cumprimento dos requisitos que motivan a concesión da axuda, así como tamén para a avaliación, a efectos do seguimento da inserción laboral do traballador e o seu impacto no mercado de traballo do municipio e para o control da subvención, estendendo a súa vixencia ata un prazo máximo de 3 anos a contar desde a conclusión do contrato subvencionado.

Vilagarcía de Arousadede 2016

Asdo.....

CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Estes datos serán tratados de acordo coa Ley Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter persoal (OPD) recolléndose no ficheiro "Registro xeral entrada/saída" debidamente inscrito na Axencia de Protección de Datos, cuxo Responsable é o Concello de Vilagarcía de Arousa e cuxa solicitude é necesaria ao obxecto dos fins que se definen na convocatoria desta axuda concedida pola Concellería de Promoción Económica. O/A interesado/a poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dirixíndose á Secretaría Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, situada en Praza de Ravella 1, C.P. 36600- Vilagarcía de Arousa, ou ao teléfono 986099200

Paxde.....

